

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDIA**

**ASUNTO:** Listas definitivas Promoción Interna Oficial Policía Local

**EXPEDIENTE:** 2023/G003/000295

Vista a Resolución da Alcaldía nº 1111/2022, de 2 de setembro, que aproba as bases e a convocatoria do proceso de selección para a provisión en propiedade, mediante o sistema de promoción interna, dunha (1) praza de oficial da Policía Local.

Visto o anuncio da convocatoria publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 173, de 12 de setembro de 2022, o publicado no Diario Oficial de Galicia nº 194, de 11 de outubro de 2022, e o publicado no Boletín Oficial do Estado nº 250, de 18 de outubro de 2022.

Vista a Resolución da Alcaldía nº 1577/2022, de 30 de novembro, que aprobou as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas.

Vista as Bases que rexen a convocatoria, e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas do proceso selectivo para a provisión en propiedade, mediante o sistema de promoción interna, dunha (1) praza de oficial da Policía Local, correspondente á Oferta de emprego público do ano 2022

## Persoas aspirantes admitidas

APELIDOS	NOME	DNI / NIE (*)	EXAME DE LINGUA	
			GALEGA	LINGUA EXAME
BLANCO CASTRO	ESTEBAN	***2583**	EXENTO	CASTELÁN
GÓMEZ MIRAMONTES	JOSÉ MARTÍN	***3707**	EXENTO	CASTELÁN
ORGE GARCÍA	IGNACIO	***1368**	EXENTO	GALEGO
VIÑA FEÁS	ALEJANDRO	***0741**	EXENTO	CASTELÁN

(\*) O DNI/NIE amósase cifrado co fin de protexer os datos de carácter persoal

**Segundo.**- Convocar aos membros do tribunal cualificador para o vindeiro día 14 de marzo de 2022, ás 12.00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, aos efectos de constitución do tribunal e valoración dos méritos achegados polas persoas aspirantes.

**Terceiro.**- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica deste Concello: [www.teo.gal](http://www.teo.gal) e notificala aos membros do tribunal cualificador.

**Cuarto.**- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,  
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe  
Virginia Fraga Díaz